



Osmunda regalis L.

 Fieito real, Fento real

O **fieito real**, **fento real** ou **dentabrún** (*Osmunda regalis* L.) é unha especie de fieito nativo de Europa, África, Asia, América, que medra en illós e nas beiras dos ríos, en zonas húmidas e relativamente baixas (ata 1.000 metros). A especie é ás veces coñecida como **fieito florecido** por mor da aparencia das súas fértiles frondes. É o maior fento de Galiza.

É unha planta perennifolia herbácea, isospórea, que produce separadamente frondes fértiles (as máis internas) e outras non (as externas). As estériles expáñdense 60 a 160 cm de altura e 30 a 40 cm de ancho, son bipinnuladas, con 7-9 pares de pínnulas de 3 dm de longo, onde cada pínnula con 7-13 pares de pínnulas de 2,5-6,5 cm de longo e 1-2 cm de ancho. As frondes fértiles son erectas e máis curtas, 20 a 50 cm de altura, xeralmente con 2-3 pares de pínnulas estériles na base, e 7-14 pares de pínnulas fértiles debaixo do esporanxio, densamente pechadas en forma de panícula. A súa esporulación é entre abril e setembro.

O nome deriva por ser un dos máis grandes fieitos europeos. En moitas áreas, volveuse raro como resultado da drenaxe de terras pantanosas para agricultura.




FOTO : FLORAFINDER

Fento real



Estado de conservación



Case ameazada

Clasificación científica

Reino: Plantae
División: Pteridophyta
Clase: Pteridopsida
Orde: Osmundales
Familia: Osmundaceae
Xénero: Osmunda
Especie: O. regalis

Nome binomial

'Osmunda regalis'

L. 1753

Usos


A raíz, como noutras especies de *Osmunda*, emprégase para producir "fibra de osmunda", material que se usa como soporte de crecemento de orquídeas cultivadas e outras plantas epífitas.



De acordo á mitoloxía eslava, os esporanxios, chamados "flores de Perun", teñen poderes máxicos, como darlles aos seus posuidores a habilidade de derrotar demos, cumprir desexos, destrabar segredos, entender a lingua dos árbores. Con todo, coleccionar os esporanxios é un proceso dificultoso. Nas tradicións máis temperás, debíase buscar en noites de Kupala; máis tarde, despois do arribo da cristiandade, a data mudouse para Pascua. Pero sempre, a persoa que busca as flores de Perun debe permanecer dentro dun círculo debuxado ao redor da planta e quitar as tretas dos demos.



En Córsega



Follas novas



FOTO : FLORAFINDER



FOTO : FLORAFINDER

Os fentos, feitos, feitos ou felgos son plantas vasculares agrupadas na división Pteridophyta.

O grupo fórmano unhas 12.000 especies de plantas que, coma os musgos, teñen xilema e floema (sendo logo consideradas plantas vasculares). Teñen talos, follas e raíces como as outras plantas vasculares.

A diferenza é que non teñen flores nin producen semente, ao se reproduciren por esporas. Están formados por un rizoma carnoso e follas grandes ás veces moi divididas: as frondes.

O grupo de fentos máis amplo con diferenza é Polypodiopsida, pero os fentos como aquí se definen (chamados tamén monilofitos) inclúen as xestelas (xénero Equisetum), o xénero Psilotum, a familia das maratiáceas, e a das ofioglosáceas. O termo pteridophyte tamén se refire a outras plantas vasculares que non son en si "fentos" (ver clasificación na sección de abaixo).

Os fentos aparecen en rexistros fósiles de hai 360 millóns de anos, no Carbonífero, porén moitas das familias e especies que hoxe en día existen non apareceron até hai aproximadamente 145 millóns de anos, ao comezo do Cretáceo (despois de que as plantas con flores comezaran a dominar o ambiente).

Os fentos non teñen moita importancia económica, aínda que algúns son comestíbeis, poden ser usados como ornamentais, para restauración de solos contaminados ou incluso para limpar o ar pola súa capacidade de retirar contaminates químicos do ar. Algúns considéranse herbas daniñas. Xogan tamén un papel importante na mitoloxía, na medicina e na arte.

O máis estendido dos fentos é o fento común (*Pteridium aquilinum*), moi abundoso en Galicia, por exemplo nas carballeiras onde forman estensas superficies. Emprégase como estrume. Segundo a área xeográfica recibe diferentes nomes: feito, fieito, felgo, felga, fenta, feita, folgueiro, folgueira, fulgueiro, fulgueira, folgueirón, cento, fiento, ciento, faínto, feínto, fuento, fenta, afeto, foieto, foleito, fuleto, fuleiro e felecho.



FOTO : FLORAFINDER



FOTO : FLORAFINDER



FOTO : FLORAFINDER



FOTO : FLORAFINDER